



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL A PÉ EN ZONAS DE AUTORIZACIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILANOVA DE AROUSA

ANTECEDENTES

1. A Orde do 21 de decembro de 2023, aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o trienio 2024-2026.
2. A Confraría de Pescadores de Vilanova ten aprobado un *Plan de Xestión de Moluscos Bivalvos a Pé, en Zonas de Autorizacións* (PE403A 2023/16-5), para o período 2024-2026.
3. O 7 de agosto de 2025, a Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa solicita o inicio dun proceso selectivo para a cobertura de 13 (trece) prazas de marisqueo xeral a pé.
4. O *plan de xestión de moluscos bivalvos a pé en zonas de autorizacións* (PE403A 2023/16-5), foi adaptado en data 30.09.2025, no apartado correspondente a "*Participantes no plan de xestión*", para establecer un número máximo de 212 participantes no ano 2025 e 212 participantes no ano 2026.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Este Departamento Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no *Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira*, modificado polo *Decreto 114/2007, de 31 de maio* e polo *Decreto 48/2013, do 7 de marzo*.

2. O art. 17.2 do *Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas*, cando o número de participantes sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión, o Departamento Territorial da Consellería competente en materia de marisqueo incrementará anualmente o número de participantes no plan ata o máximo establecido, sen prexuízo das medidas de adaptación establecidas no artigo 21.

3. O *plan de xestión de moluscos bivalvos a pé en zonas de autorizacións* (PE403A 2023/16-5), foi adaptado en data 30.09.2025, previa proposta á Confraría de Vilanova de Arousa e cos informes favorables dos técnicos da Consellería do Mar, no apartado correspondente a "*Participantes no plan de xestión*", para establecer un número máximo de 212 participantes nos anos 2025 e 2026.

No momento actual, existen 199 permisos de explotación que participan no plan. A Confraría solicita o inicio dun proceso selectivo para a cobertura de 13 novas prazas. Estas prazas correspóndense ás vacantes que existen ata acadar o número máximo do plan, 212 participantes.

4. A *Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé*, regula nos artigos 6 e seguintes o procedemento para a obtención do permiso de explotación.





5. A *Resolución do 12 de novembro de 2013* (corrección de erros do 29 de novembro de 2013) da *Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé*, aproba o baremo para a valoración de solicitudes e recoñece as actividades formativas que serán consideradas como mérito no baremo.

De acordo co anteriormente indicado, este Departamento Territorial

RESOLVE:

Convocar o proceso selectivo para a cobertura de **trece (13) prazas** de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial do plan de explotación, modalidade de marisqueo xeral a pé, na confraría de pescadores de Vilanova de Arousa. As bases desta convocatoria son as que están recollidas no anexo A.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun mes que se contará a partir do día seguinte ao que se notifique esta resolución, de acordo co establecido nos artigos 122 e seguintes da Lei 39/2015 do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento





ANEXO A- BASES DA CONVOCATORIA

I. Normas xerais

I.1. O obxecto do proceso selectivo será a cobertura de **trece (13) prazas** de marisqueo a pé na confraría de Vilanova de Arousa.

O proceso desenvolverase en dúas quendas, unha xeral e outra para aquelas persoas que se atopen en circunstancias socio-económicas de especial necesidade.

I.1.1. Este Departamento Territorial acolléndose ao disposto no artigo 6.4 da Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, acorda que do total de prazas convocadas **reservarase unha (1) praza** para ser cuberta por persoas que acrediten circunstancias socio-económicas de especial necesidade, co fin de facilitar a incorporación de persoas con risco de exclusión social ao mercado laboral.

Aos efectos desta convocatoria considerarase que se atopan en circunstancias socio-económicas de especial necesidade:

a) Os perceptores da renda activa de inserción.

b) As persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia.

c) As persoas que acheguen un informe dos servizos sociais das administracións públicas no que se acredite que se atopan en situación de risco de exclusión social.

No suposto de que estas prazas non sexan cubertas pasarán a integrarse ás prazas da quenda xeral.

Se algún das persoas candidatas en circunstancias socio-económicas de especial necesidade reúne a puntuación suficiente para ser seleccionada pola quenda xeral, incluírase nesa quenda; en caso contrario, figurará na quenda especial.

As persoas candidatas en circunstancias socio-económicas de especial necesidade que non resultaren seleccionadas pola quenda especial serán incluídas por orde de puntuación na lista conxunta de non seleccionadas.



I.2. Requisitos das persoas candidatas

Para obter o permiso de explotación **as persoas aspirantes deberán cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da expedición do permiso de explotación**, os seguintes requisitos, consonte ao artigo 17º do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo:

- 1) Estar empadroada nun municipio do litoral de Galicia.
- 2) Ser maior de 18 anos ou menor emancipado e non superar a idade esixida para ter dereito á pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, conforme ao previsto na normativa da seguridade social.
- 3) Non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia (*ver apartado III*).
- 4) Non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

I.3. Solicitudes, prazo, lugar de presentación e documentación

As persoas que desexen presentarse ao proceso selectivo poderán presentar unha solicitude directamente ou a través das entidades asociativas do sector, no **prazo de quince (15) días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte ao que se publique esta convocatoria no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e **dirixiranse ao Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo**.

As solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) de acordo co establecido nos artigos 27 da lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, utilizando o formulario normalizado do procedemento PE401B que se publica na Orde do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, que figura como ANEXO B desta convocatoria e figura actualizado no enlace seguinte <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PE401B>

Xunto coa instancia asinada presentase:

a) Xustificante de ter aboadas as taxas correspondentes. A presentación do xustificante do ingreso das taxas sen o selo da entidade bancaria con indicación da data determinará a





exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación en tempo e forma da solicitude.

Poderase descargar o modelo de autoliquidación de taxas dende a páxina web da ATRIGA CIDADÁNS (atriga.gal), cubrindo o modelo cos seguintes códigos e importe:

Consellería: 12-MAR

Delegación: 41-VIGO

Servizo: 06-RECURSOS MARINOS

Taxa: 301701-EXPEDICIÓN OU DUPLICADO DE PERMISOS DE EXPLOTACIÓN

Importe: 10,06 euros

b) Copia do documento nacional de identidade. Esta copia só se presentará no caso de non acreditar consentimento expreso para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos, dacordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos, e a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve o antedito decreto.

c) Documentación que acredita cada un dos criterios a ter en conta segundo o baremo aprobado pola entón denominada Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños para a valoración das solicitudes presentadas:

c.1) Demandante de emprego:

- **Informe de períodos de inscrición** actual (emitido durante o período de presentación de solicitudes) do Servizo Público de Emprego (SEPE).
- **Informe da vida laboral** actual (emitido durante o período de presentación de solicitudes) emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

É imprescindible que a persoa solicitante achegue os dous documentos indicados para que se poida realizar a valoración desta epígrafe.

c.2) Formación:

- Copia dos diplomas, acreditacións ou certificados de asistencia a cursos relacionados coas materias indicadas no baremo, que figuren inscritas no catálogo de actividades formativas, de conformidade co establecido no ANEXO C (última actualización 01.10.2024).
- Documentación que acredite a titulación académica.





c.3) Estar empadroado nun concello do ámbito territorial do plan de marisqueo a pé da confraría de Vilanova de Arousa (Concello de Vilanova de Arousa):

- Certificación actual de empadramento no que conste a **antigüidade**.

Este documento presentárase no caso de non acreditar o consentimento expreso para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de residencia, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009. No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o departamento territorial poderá requirirlle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á publicación da resolución provisional.

d) As persoas que queiran participar na quenda na que se consideran as circunstancias socio-económicas de especial necesidade deberán presentar, ademais da documentación indicada nos apartados a), b) e c) anteriores, a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa de ter dereito á percepción dalgunha das prestacións arriba indicadas, expedida polo órgano encargado da súa xestión.

- ou no seu defecto, un escrito asinado pola persoa solicitante que indique que é perceptor da RAI ou RISGA.

- ou informe dos servizos sociais no que se indique que se atopan en situación de risco de exclusión social.

I.4. Emenda da solicitude

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo das administracións públicas, se a solicitude non reúne os requisitos formais, requiriráselle ás persoas interesadas, para que nun prazo de dez (10) días hábiles, a emenden, con indicación de que, se así non o fixesen, se lles terán por desistidas das súas peticións, logo dunha resolución expresa.

A notificación, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro realizarase mediante publicación na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da confraría.



II. Baremación e lista provisional

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos serán admitidas ao proceso selectivo e serán baremadas consonte o baremo aprobado por Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, que figura como ANEXO D da presente convocatoria.

A cualificación do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos conceptos baremables.

A valoración do tempo transcorrido como desempregado considerarase sempre que sexa demandante de emprego debidamente acreditado na data da publicación da convocatoria. Valorarase o tempo inscrito como desempregado durante un máximo de 1 ano contando dende o día anterior á data de publicación da convocatoria. É imprescindible que a persoa solicitante achegue os dous documentos indicados no apartado I.3 c.1), para que se poida realizar a valoración desta epígrafe.

Tan só se valorarán aqueles cursos que estean finalizados na data de publicación da convocatoria e que figuren inscritas no catálogo de actividades formativas, de conformidade co establecido no ANEXO C (última actualización 01.10.2024)

Logo de baremar as solicitudes o Departamento Territorial publicará unha resolución coa relación provisoria de admitidos con indicación da puntuación acadada por cada un das persoas solicitantes. Nesta relación recolleranse, tamén, as persoas excluídas do proceso e as causas da dita exclusión.

Esta resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial da Consellería do Mar. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais da Consellería do Mar de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

Concederáselles aos solicitantes un prazo de quince (15) días hábiles para os efectos de presentación das alegacións que se consideren oportunas. As alegacións que se presenten, non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, se é o caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

III. Listaxe de seleccionados e presentación de documentación que acredita o cumprimento dos requisitos

- Empates:

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase consonte o disposto na Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé, que figura como ANEXO D desta convocatoria.





- Lista de seleccionados e lista de reserva:

Rematado o proceso selectivo e resoltos os empates, o departamento territorial publicará unha resolución coa relación definitiva de seleccionados por orde das puntuacións acadadas, así como unha relación daquelas que non o superaron.

Os aspirantes que non superaron o proceso selectivo (a lista de non seleccionados), constituirán unha **lista de reserva**. Os candidatos da quenda de circunstancias socio-económicas de especial necesidade serán incluídos nesta lista pola orde da puntuación obtida.

A lista de reserva terá unha vixencia dun (1) ano, que se contará dende o día seguinte á data da resolución definitiva do departamento territorial.

Esta resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial da Consellería do Mar. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais da Consellería do Mar de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da confraria.

- Certificado de mariscador:

Consonte ao artigo 17º do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, o certificado de mariscador é un requisito imprescindible para a obtención do permiso de explotación. Os aspirantes seleccionados que non posúan o certificado de mariscador terán que realizar o curso a primeira vez que sexan convocados pola Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, salvo causa debidamente xustificada, para poder obter o permiso de explotación de marisqueo a pé.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos esixidos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento, a excepción dos perceptores da renda de integración social de Galicia que deberán renunciar a ela no momento da concesión do permiso de explotación e dos seleccionados que non posúan o certificado de mariscador, que terán que obtelo.

- Presentación de documentación:

A partir do día seguinte ao da publicación da relación definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo, os aspirantes disporán dun prazo de quince (15) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

a) Certificado de estar empadroado nun municipio do litoral de Galicia.

A documentación que acredita estar empadroado nun municipio do litoral de Galicia non será necesario que se presente no caso de ter asinado na solicitude o consentimento expreso da persoa interesada, para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de



verificación de datos dacordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia.

Esta documentación non será necesario que se presente no caso de ter asinado na solicitude o consentimento expreso da persoa interesada para consulta destes datos.

Os perceptores da renda de integración social de Galicia, deberán renunciar a ela no momento da concesión do permiso de explotación.

c) Documentación que acredite non estar incapacitado/a para exercer os labores de marisqueo.

d) Copia do certificado de mariscador/a. Non será necesario presentar esta copia compulsada no caso de ter asinado na solicitude o consentimento expreso da persoa interesada para consulta destes datos.

O/as aspirantes seleccionado/as que non posúan o certificado de mariscador terán que realizar o curso correspondente para poder obter o permiso de explotación de marisqueo a pé.

e) Fotografía de tamaño carné actual, co seu nome e apelidos escrito por detrás.

Se as persoas interesadas, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou do exame desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2, denegaráselle a súa solicitude.

Neste suposto, emitírase unha nova resolución na que se declaren seleccionadas as seguintes persoas que figuren na lista de non seleccionados.

IV. Outorgamento do permiso de explotación

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 15 de xullo de 2011, para a resolución favorable do procedemento, as persoas seleccionadas que presentaron a documentación dentro do prazo establecido non poderán ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.

O departamento territorial ditará resolución concedendo ou denegando o permiso de explotación para o marisqueo a pé, conforme ao establecido no artigo 6 do Decreto 425/1993, do 17 de decembro de 2013.

